

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 14 de novembro de 2022

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1 A consolidación das sociedades democráticas ten unha referencia inescusable no fomento da participación cidadá na toma de decisións. Cada vez máis, veciños e veciñas reclaman participar directamente nos mecanismos institucionais. Cooperar coa administración na mellora das condicións de vida e no progreso socioeconómico da contorna é un dos valores que as sociedades modernas asumen máis amplamente. Da outra banda, as administracións teñen o deber de facilitar e promover esta simbiose en beneficio do común.

É no ámbito local no que é máis viable evolucionar dende a democracia representativa á democracia participativa. Existen xa regulacións que contemplan este principio. Os artigos 251 a 257 do capítulo V e os artigos 69 a 72 do capítulo I da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 4.1 a) e capítulo IV do título V da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local afondan nas posibilidades reguladoras dos concellos nos ámbitos da participación veciñal. Ademais, a propia FEMP ten elaborado xa un modelo de regulamento tipo que os concellos poden adaptar. Trataríase dun mecanismo base que non está pensado para consolidar dereitos, xa que estes están establecidos na Constitución Española. É máis unha canle para exercelos e para desenvolver todo o percorrido que nesta materia é posible avanzar tan só coa lexislación vixente.

Dende un punto de vista progresista non se concibe omitir esta premisa. Facilitar e favorecer a participación veciñal consolida a fortaleza democrática das institucións. Para isto, resulta imprescindible dotarse dun regulamento que ordene unha serie de principios a fin de procurar uns fins. Neste sentido, enunciámos os seguintes:

- Facilitar o acceso á información aos veciños e veciñas, así como a súa correcta difusión.
- Promover activamente a participación de veciños/as e entidades sociais e implicalas no funcionamento institucional dentro das marxes legais.
- Fomentar o tecido asociativo do municipio e establecer uns criterios xustos e transparentes de financiamento público.
- Informar sobre os grandes asuntos municipais (orxamentos, urbanismo, ordenanzas, programación cultural, etc.).
- Regular a participación veciñal nas sesións plenarias, así como a posibilidade de que entidades sociais poidan remitir asuntos do seu interese aos órganos colexiados municipais segundo uns requisitos establecidos.
- Garantir os dereitos cidadáns no referido a:
 - Tramitacións, expedientes do seu interese, convocatorias, atención en galego, orientación sobre requisitos, alegacións, esixir responsabilidades aos membros da Corporación Local, presentar queixas e suxestións por escrito e obter resposta, difundir convocatorias e actas plenarias, etc.

Entre outros, estes deberan ser os principios inspiradores sobre os que elaborar un mecanismo que canalice as relacións entre administración e administrados/as, fixando uns criterios obxectivos para tratar de evitar todo tipo de arbitrariedades que puideran producirse.

2

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal á elaboración dun regulamento de participación que, a partires tanto da lexislación vixente como doutras experiencias xa en funcionamento, estableza os requisitos para fomentar a participación veciñal no Concello de Cuntis.

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López